

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONO1177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS  
PARTICULARES E PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS  
DE APLICACIÓN Á CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS  
DE MODIFICACIÓN DO CATASTRO URBANO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONO1177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

**Prego de cláusulas administrativas particulares de aplicación xeral á  
contratación dos traballos de modificación do catastro urbano**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

## **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS**

### **SECCIÓN 1ª. NORMAS XERAIS E PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN**

#### **Cláusula 1. RÉXIME XURÍDICO**

O contrato de carácter administrativo a que se refire este prego rexerá polo establecido nel e polo disposto no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP) (BOE núm 148, do 21 de xuño) e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP) (BOE núm. 257, do 26 de outubro).

Para o coñecemento das cuestións que se deriven do contrato, a expresa competencia será a da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, como indica o artigo 7.2 do TRLCAP.

#### **Cláusula 2. OBXECTO do CONTRATO**

Constitúe o obxecto deste contrato:

- a tramitación de alteracións catastrais declaradas no correspondente modelo 902 e 902S.
- a detección e tramitación de omisións ata a súa inclusión na base de datos catastral, correspondentes ao municipio de Santiago de Compostela.
- a resolución de recursos de erros catastrais detectados sempre que os ditos erros non sexan imputables aos traballos no ámbito deste contrato. A estes efectos, considerase como resolución a realización de todos os traballos necesarios para actualización da base de datos catastral.
- a corrección dos datos relativos ao domicilio tributario para a súa adecuación ao rueiro e numeración municipais, mediante a depuración da base de datos existente. A realización deste traballo esixirá a previa solicitude específica polo Concello.

#### **Cláusula 3. CONTIDO E CONCEPTOS**

O contido dos traballos catastrais a realizar sobre bens inmobles urbanos é o que se describe a seguir:

Comprende todos os traballos necesarios para completar e/ou actualizar o inventario catastral de todas as unidades urbanas existentes no territorio do Concello de Santiago de Compostela.

O dito inventario apoiarase en documentos gráficos e literarios e en soportes magnéticos, e conterá:

- 1.- Cartografía coa asignación de referencias catastrais realizada segundo as prescricións técnicas.
- 2.- Documentación gráfica, técnica, xurídica e económica de cada unidade catastral e unidade urbana, segundo esixe a normativa vixente e expresan as prescricións técnicas.
- 3.- Soportes magnéticos que conteñan a información anterior, segundo os formatos e deseño de rexistros establecidos pola Subdirección Xeral de Estudos e Sistemas de Información, da Dirección Xeral do Catastro.

Para os efectos do descrito nos apartados anteriores, enténdese por:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

#### Unidade catastral ou parcela catastral

As unidades diferenciadas de solo estean ocupadas ou non por construcións.

#### Unidade urbana

Todo elemento diferenciado de valoración, estea formado só por solo, só por construción, ou por solo e construción, con características físicas, xurídicas ou económicas que o fagan obxecto dun valor catastral individualizado.

### **Cláusula 4. PROTECCIÓN DE DATOS**

1. O adxudicatario, na realización dos traballos contratados, adecuará as súas actuacións á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE núm. 298, do 14 de decembro) e demais normas de aplicación, e a disposición adicional segunda da Lei 24/2001, de 27 de decembro de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

A información catastral que contén datos de carácter persoal é a relativa ás características económicas, é dicir, a valoración catastral, e as xurídicas: titularidade, domicilio fiscal e número de identificación fiscal, dos bens individualizados.

2. O adxudicatario, sexa persoa física ou xurídica, e o persoal ao seu servizo que teña acceso ou realice calquera tratamento cos datos catastrais de carácter persoal, terá a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información catastral de carácter persoal necesaria para a realización dos traballos non suporá “comunicación de datos” para os efectos do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. O acceso e o tratamento dos datos por parte do adxudicatario realizarase a través de transferencia de documentación e ficheiros magnéticos nos formatos e soportes definidos pola Dirección Xeral do Catastro.
3. O adxudicatario encargado do tratamento estará sometido ás seguintes obrigas con respecto aos datos de carácter persoal:
  - Actuará consonte as instrucións do Concello de Santiago
  - Adoptará todas aquelas medidas de índole técnica e organizativa que resulten necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados.
  - Non aplicará nin utilizará os datos con fins distintos aos de realización dos traballos obxecto do contrato, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.
  - Estará obrigado a gardar o segredo profesional respecto a eles, aínda despois de finalizar as súas relacións contractuais.
  - Unha vez finalizados os traballos obxecto do contrato, o adxudicatario deberá devolver ao Concello de Santiago todos os documentos ou soportes informáticos en que puidese constar algún dado de carácter persoal.
4. En caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións establecidas no contrato, será considerado responsable do

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

tratamento, respondendo das infraccións en que incorrese persoalmente, previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## Cláusula 5. PRESCRICIÓN TÉCNICAS

Son as recollidas no prego de prescricións técnicas de aplicación xeral aos traballos de modificación do catastro urbano aprobadas pola Subdirección xeral de catastros inmobiliarios, e as detalladas no anexo 1 deste prego.

## Cláusula 6. PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

6.1.- A adxudicación realizarase por concurso, con procedemento aberto

6.2.- No concurso, a adxudicación recaerá no licitador que en conxunto faga a proposición mais vantaxosa, sen atender exclusivamente ao seu valor económico e sen prexuízo do dereito da Administración a declaralo deserto. Concretamente, os criterios que han servir de base para a adxudicación por concurso, indicados por orde decrecente de importancia e pola ponderación que a cada un se atribúe, serán os seguintes:

- A) A oferta económica mais vantaxosa. Ponderarase cun máximo de 30 puntos. Asignaranse 30 puntos á maior baixa no prezo e de xeito proporcional a ditos puntos ás baixas inferiores. Dada a distinta forma de pago do obxecto deste contrato, distribúense os 30 puntos do seguinte xeito:
- 1/.- 20 puntos para a porcentaxe sobre liquidación da letra a) do número 1 da cláusula 25
  - 2/.- 4 puntos para o prezo mínimo sobre liquidación da letra a) do número 1 da cláusula 25
  - 3/.- 2 puntos para o prezo por recurso da letra b) do número 1 da cláusula 25, e
  - 4/.- 4 puntos para prezo por corrección da letra c) do número 1 da cláusula 25.
- B) A cualificación técnica e profesional con que conta o licitador. Ponderarase cun máximo de 25 puntos atendendo aos seguintes factores:
- Dotación de persoal propio con titulación específica para a dirección e execución dos traballos obxecto do contrato. Ponderarase ata un máximo de 15 puntos. Deberase indicar as persoas que se asignan especificamente ao contrato para o que se debe ter en conta todos os aspectos da xestión catastral (traballo de campo, gravación de datos, cartografía, etc).
  - Dispoñibilidade de aplicacións informáticas específicas para o tratamento de datos e compatibilidade coas do Concello de Santiago. Ponderarase ata un máximo de 10 puntos.
- C) Experiencia do licitador no tipo específico dos traballos obxecto do contrato. Ponderarase ata un máximo de 30 puntos. Só se valorarán os traballos realizados no últimos cinco anos. Deberá constar alomenos as unidades urbanas afectadas, o ano, e a facturación.
- D) Melloras propostas respecto á metodoloxía de traballo, ao traballo en si mesmo ou aos produtos a entregar. Ponderarase ata un máximo de 15 puntos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

### 6.3. Modelo e forma de presentación das proposicións.

As proposicións presentaranse no prazo de 15 días naturais a contar desde o día seguinte á derradeira data das publicacións que corresponde facer no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia da Coruña. Deberanse presentar de 9 a 14 horas no rexistro xeral do Concello

As proposicións económicas deberán axustarse ao modelo que se achega no anexo 2 deste prego e presentarse, en sobre pechado e lacrado, xunto con cantos documentos acrediten os extremos necesarios para ponderar os criterios obxectivos de adjudicación do concurso previstos na cláusula 6.2 anterior.

Nun segundo sobre, que se presentará pechado, incluírase a documentación acreditativa da personalidade e capacidade do empresario ou do apoderado que formule a proposición, a que acredite os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica a que se refire a cláusula 7.1, así como da constitución da garantía provisional.

### 6.4. Mesa de Contratación

#### 6.4.1. Constitución

Para os efectos da selección das propostas, constituirase unha Mesa de Contratación, na forma indicada polo artigo 81 do TRLCAP:

Presidente: O Alcalde o persoa a quen delegue

Vocais: Un representante de cada grupo municipal  
Xefe de sección de bens inmobles do Servicio de xestión, recadación e inspección  
Tesoureiro  
Interventor  
O Director da Asesoría Xurídica municipal  
Un representante da Dirección Provincial do Catastro.

Secretario: Xefe de sección de contratación

#### 6.4.2. Actuación da Mesa de Contratación

Unha vez constituída a Mesa, procederá, en xuntanza previa, ao exame da documentación contida no segundo sobre dos indicados na cláusula 6.3 e determinará os defectos documentais que poidan ser obxecto de emenda.

No acto público, que terá lugar na Casa do Concello ás 10.30 horas do segundo día hábil, non sábado, seguinte o que se sinala como último para a presentación de ofertas, o presidente da Mesa notificará aos interesados os defectos documentais a que se refire o parágrafo anterior, concedéndolles, se son emendables, un prazo de tres días hábiles como máximo, computables a

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

partir daquel en que se celebre o dito acto público. Posteriormente procederase á lectura das proposicións económicas.

Acabado o acto público de apertura de proposicións, a Mesa elevará ao órgano de contratación a acta correspondente, na que se recollerán as observacións que considere pertinentes e a proposta de adjudicación consonte o disposto no artigo 88 do TRLCAP.

#### Cláusula 7. DOCUMENTACIÓN, GASTOS E IMPOSTOS

##### 7.1. Os proponentes deberán presentar en todo caso a seguinte documentación:

###### A) Capacidade da empresa.

- Se é persoa física, copia do DNI e do NIF consonte ao Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, polo que se regula a composición e forma de utilización do número de identificación fiscal (BOE do 14 de marzo de 1990) ou, de ser o caso, pasaporte debidamente legalizado por un notario.
- Se é persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación, de ser o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requirimento sexa esixible de acordo coa lexislación aplicable. Se non o fose, a acreditación realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial. Así mesmo, escritura de apoderamento do asinante da proposición debidamente inscrita no Rexistro Mercantil e copia do seu NIF.
- As empresas estranxeiras, para poder contratar coa Administración, deberán cumprir os requisitos que establecen os artigos 15 e 23 do TRLCAP, segundo se trate de empresas de estados membros da Comunidade Europea ou de estados non pertencentes a ela, respectivamente, así como os establecidos polos artigos 9 e 10 do RXLCAP.
- Especificamente, para esta clase de contratos, as empresas adjudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas cunha finalidade ou actividade que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e cumprir os demais requisitos incluídos no artigo 197 do TRLCAP.
- Testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e, cando este documento non poida ser expedido pola autoridade competente, declaración responsable do licitador ou da súa representación legal, de que a empresa non está comprendida en ningunha das causas de exclusión do artigo 20 do TRLCAP, e artigo 17 do RXLCAP. Esta declaración responsable comprenderá expresamente a circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de seguridade social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requirimento se esixirá antes da adjudicación ao que vaia resultar adjudicatario do contrato. Para este efecto concederáselle un prazo máximo de 5 días hábiles.  
O licitador ou licitadores que resulten adjudicatarios deberán acreditar, con anterioridade á sinatura do contrato, o cumprimento destes requisitos nos termos do artigo 21.5 do TRLCAP.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

- Xustificante da garantía provisional.
- Para as empresas estranxeiras, declaración solemne de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

B) Solvencia económica e financeira.

- Xustificación polos medios indicados no apartado 1, epígrafes a) e c) do artigo 16 do TRLCAP.

C) Solvencia técnica e profesional.

- Xustificación polos medios indicados no artigo 19, epígrafes a), b), c), e) e f) do TRLCAP, e, de ser o caso, as ofertas de melloras sobre as esixidas neste prego de condicións.

D)

- Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios personais e materiais que concretarán na súa oferta.

E)

- No caso de unións temporais de empresarios (UTE) indicaranse os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación da cada un e a asunción do compromiso de constituirse formalmente en unión temporal, no caso de resultar adxudicatarios.

De tratarse de empresas de estados membros da Comunidade Europea, terase en conta o establecido no artigo 26.2 do TRLCAP.

O órgano de contratación respectará en todo caso a carácter confidencial dos datos de solvencia facilitados polos empresarios.

## 7.2. Gastos

O contratista que resulte adxudicatario está obrigado a satisfacer os gastos seguintes:

- Os derivados do anuncio de licitación e da formalización do contrato, se é o caso.
- Os que se requiran para a obtención de autorizacións, licencias, documentos ou de calquera información de organismos oficiais ou particulares para os efectos da oportuna contratación.
- Os impostos, dereitos, taxas, compensacións e demais gravames ou gastos que resulten de aplicación das disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen.
- Calquera outros gastos a que houberse lugar para a realización do contrato.

En cumprimento do disposto no artigo 67.2 do RXLCAP o importe máximo dos gastos de publicidade de licitación deste contrato será **de 1.500 euros**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

### 7.3. Imposto sobre o valor engadido

Para todos os efectos entenderase que o prezo da oferta inclúe o IVE e en todo caso desagregarase o seu importe e a súa porcentaxe.

### 7.4. Lexislación laboral

O adxudicatario obrígase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social, seguridade, hixiene e saúde no traballo, e calquera outra de carácter xeral en relación co persoal ao seu servizo

### 7.5. Unión temporal de empresas (UTE)

Segundo o disposto no artigo 24 do TRLCAP, poderase contratar con unións de empresarios (UTE) que se constitúan temporalmente para este efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública mentres non se efectúe a adxudicación ao seu favor. A duración da dita unión será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Así mesmo, todos os empresarios da agrupación deben cumprir os requisitos de acreditar a súa capacidade e solvencia, e de estar ao corrente nas obrigas que se indican na cláusula 7.1, así como non incorrer nos supostos de incompatibilidade. Para que sexa eficaz a unión temporal sera necesario cumprir o indicado no artigo 24.2 do RXLCAP. As ditas empresas ficarán obrigadas solidariamente perante a Administración e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión.

Cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición, ben sexa individualmente ou en unión temporal de empresas

## Cláusula 8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación adxudicará o contrato no prazo máximo de tres meses, a contar desde a apertura das proposicións.

O contrato formalizarase en documento administrativo, coas especificacións indicadas no artigo 71 do RXLCAP, dentro do prazo de trinta días a contar desde o seguinte ao da notificación da adxudicación. Non obstante, se o contratista o solicitase, formalizarase en escritura pública, correndo pola súa conta os gastos derivados do seu outorgamento, todo iso de acordo co indicado no artigo 54 do TRLCAP.

Cando o contrato se formalice no exercicio anterior ao de inicio da execución, a adxudicación quedará sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente par financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

## SECCIÓN 2ª.- RELACIÓNS XERAIS ENTRE A ADMINISTRACIÓN E A EMPRESA ADXUDICATARIA DO CONTRATO (no sucesivo contratista)

### Cláusula 9. DIRECCIÓN DOS TRABALLOS

A dirección dos traballos corresponde ao xefe da sección de bens inmobles do Servizo de xestión, recadación e inspección do Concello de Santiago de Compostela, que será directamente responsable

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

da comprobación, coordinación e vixilancia da correcta realización do traballo contratado. Para o desempeño da súa función contará coa colaboración do técnico de xestión catastral e do xefe de sección de cartografía e SIT.

Son funcións do director:

- Interpretar os pregos de prescricións técnicas.
- Apreciar a existencia dos medios e organización necesarios para a elaboración do traballo ou prestación do servico en cada unha das súas fases.
- Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do traballo.
- Propoñer as modificacións que conveña introducir no traballo en orde a un mellor cumprimento do contrato.
- Expedir as certificacións do labor realizado, segundo os prazos de execución e pagamento que se acordasen.
- Formular a liquidación do labor realizado.
- Tramitar cantas incidencias xurdan na elaboración dos traballos técnicos.

#### **Cláusula 10. DELEGADO DO CONTRATISTA**

Enténdese por "delegado do contratista" a persoa designada expresamente por el e aceptada pola Administración que, con titulación do nivel superior na materia obxecto principal do contrato, teña capacidade suficiente para:

- Ostentar a representación da empresa cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza, segundo os pregos de cláusulas, así como noutros actos derivados do cumprimento das obrigas contractuais, sempre en orde á execución e boa marcha do traballo.
- Organizar a execución do traballo e interpretar e pór en práctica as ordes recibidas do director dos traballos.

#### **Cláusula 11. OFICINA DE TRABALLO DO CONTRATISTA**

O contratista deberá dispor e manter durante a execución do contrato unha oficina de traballo, coa conformidade do director, situada no casco urbano de Santiago de Compostela. Na oficina tamén se desenvolverán tarefas de atención e información catastral ao contribuínte en relación cos datos obxecto deste contrato.

#### **Cláusula 12. RELACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN RESPECTO AO PERSOAL do CONTRATISTA**

Cando o contratista, ou as persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do traballo ou o cumprimento do programa de execución

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

fixado, a Administración poderá esixir a adopción de medidas concretas e eficaces para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado, sen prexuízo do disposto no TRLCAP acerca do cumprimento dos prazos e das causas de resolución do contrato.

O contratista comunicará á Administración os datos do persoal que efectuará os traballos de campo ou de consultas, aos que se dotará de credencial adecuada para facilitar o seu cumprimento, pero sen que en ningún caso a citada acreditación confirá a dito persoal o carácter de axentes da Administración.

### **Cláusula 13. RISCO E VENTURA**

O contrato entenderase celebrado a risco e ventura do contratista.

### **Cláusula 14. PROPIEDAD DOS TRABALLOS REALIZADOS**

Os traballos que se realicen, en calquera das súas fases, serán propiedade da Administración e esta, en consecuencia, poderá recabar en calquera momento as entregas de parte do traballo realizado, sempre que sexa compatible co programa definitivo de elaboración e non afecte ao correcto desenvolvemento dos traballos.

Serán de aplicación a normativa sobre propiedade intelectual e os artigos 93 a 95 da Lei xeral tributaria, e, en consecuencia, o contratista non poderá utilizar para si nin proporcionar a terceiros dato ningún dos traballos contratados nin publicar, total ou parcialmente, o seu contido sen autorización escrita da Administración. En todo caso, o contratista será responsable dos danos e perdas que se deriven do incumprimento desta obriga. Así mesmo deberá solicitar autorización para a realización de traballos de natureza análoga, que poidan ser obxecto de contrata con terceiros, de forma simultánea á execución dos traballos contratados coa Administración.

O contratista terá a obriga de proporcionar ao Concello de Santiago, para o seu uso exclusivo, todos os datos, cálculos, procesos e programas informáticos, etc., utilizados durante a elaboración do traballo e procederá á devolución da documentación que poida terlle entregado a Administración para facilitar a realización dos traballos, debendo informar do lugar no que se custodia a dita documentación durante o prazo en que permaneza na dita situación.

### **Cláusula 15. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E OBRIGAS DO CONTRATISTA.**

Corresponden á Administración contratante as prerrogativas de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, de acordo co establecido no artigo 59 e concordantes do TRLCAP.

Corresponde ao contratista o cumprimento das seguintes obrigas:

1. Desenvolver e entregar os traballos contratados con estricta suxeición a este prego e ás instrucións dictadas polo Concello de Santiago.
2. Executar, á súa custa, as emendas dos traballos recusados por defectuosos ou incorrectos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

3. Establecer e manter á súa custa, durante a execución dos traballos e ata a finalización do prazo de garantía, os medios materiais e o equipo profesional esixido neste prego.

Esta obriga comporta a asunción polo contratista de todas as obrigas sociais, laborais e económicas derivadas dos citados medios materiais e persoais precisos

4. Indemnizar, á súa custa, os danos a terceiros que se orixinen como consecuencia da execución dos traballos.
5. Prestar á Administración, sen dereito a contraprestación ou indemnización económica suplementaria, os servizos profesionais que aquela considere necesarios para o correcto desenvolvemento e cumprimento do contrato, tales como asistencia a xuntanzas de traballo ou informativas, información ao público, etc. Esta obriga manterase ata a finalización do prazo de garantía do contrato.

Tódolos documentos que se deriven deste contrato ou do seu obxecto, dirixidos a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativas, publicidade, etc., estarán redactados en lingua galega de acordo co previsto no regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela especialmente no seu artigo 8.

#### **Cláusula 16. APLICACIÓN DESTE PREGO**

As empresas ou agrupacións de empresarios que opten á adxudicación do contrato que regula este prego, deberán formalizar a súa aceptación incondicional coa sinatura do "modelo de proposición económica" que se xunta como anexo 2.

### **CAPÍTULO II. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS**

#### **SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **Cláusula 17. REALIZACIÓN DOS TRABALLOS.**

Os traballos realizaranse con estricta suxeición a este prego de cláusulas administrativas particulares, completado cos datos específicos de cada expediente, ao prego de prescricións técnicas e ás instrucións emitidas polo Concello de Santiago que teñan incidencia na realización dos traballos segundo o prego de prescricións técnicas.

A resolución de incidencias xurdidas na execución dos contratos realizaranse nos termos indicados no artigo 97 do RXLCAP.

#### **Cláusula 18. COMEZO DOS TRABALLOS**

Unha vez formalizado o contrato, a data de comezo dos traballos non será superior a un mes desde a data de adxudicación, o que se fará constar mediante "acta de iniciación".

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

### **Cláusula 19. PRESENTACIÓN DO PROGRAMA DE TRABALLO**

O contratista está obrigado a presentar un programa de traballo no prazo de quince días, a contar desde a notificación da adjudicación definitiva do contrato.

### **Cláusula 20. APROBACIÓN do PROGRAMA DE TRABALLO**

A Administración resolverá sobre o programa de traballo presentado polo contratista dentro dos quince días seguintes á súa presentación. A resolución pode impor ao programa de traballo presentado a introducción de modificacións ou o cumprimento de determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato do que o programa, unha vez aprobado, se considerará parte integrante.

A aceptación definitiva do programa de traballo, coa determinación do equipo e dos medios a empregar, non eximirá en ningún caso ao contratista do cumprimento das súas obrigas contractuais.

### **Cláusula 21. TRABALLOS DEFECTUOSOS OU MAL EXECUTADOS**

Ata que teña lugar a recepción, o contratista responderá da correcta realización dos traballos contratados e dos defectos que neles houbese, sen que sexa eximente nin lle dea dereito ningún a circunstancia de que os representantes da Administración os examinasen ou recoñecesen durante a súa elaboración ou aceptasen en comprobacións, valoracións ou certificacións parciais.

O contratista ficará exento de responsabilidade cando os defectos no traballo sexan consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración.

Se se advertisen defectos no traballo realizado, o director poderá recusar os que considere non satisfactorios. A recusación farase sempre por escrito motivado e o contratista terá dereito a reclamar perante a Administración no prazo de dez días, contados a partir da notificación do director.

## **SECCIÓN 2ª. CUMPRIMENTO DOS PRAZOS**

### **Cláusula 22. INCUMPRIMENTO DE PRAZOS**

O contratista está obrigado a cumprir tanto o prazo final como os prazos parciais fixados no programa de traballo. En caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto nos artigos 95 a 97 do TRLCAP, e artigos 98 a 100 do RXLCAP.

### **Cláusula 23. PENALIZACIÓN POR INCUMPRIMENTO**

Graduaranse, con carácter xeral, en atención ao orzamento total ou parcial do traballo, segundo que o prazo incumplido sexa o total ou un parcial, nas contías que determina o artigo 95 do TRLCAP.

Cada vez que as penalizacións por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para resolvelo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalizacións.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

#### Cláusula 24. PRAZOS PARCIAIS E TOTAIS

O prazo de execución do contrato é de un (1) ano. Poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a súa duración total, incluídas as prórrogas, poida exceder de dous anos, nin estas poidan ser concertadas, illada ou conxuntamente, por un prazo superior ao fixado orixinariamente.

### CAPÍTULO III. ORZAMENTO DE LICITACIÓN, VALORACIÓN E PAGAMENTO DOS TRABALLOS REALIZADOS

#### SECCIÓN 1ª. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

#### Cláusula 25. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

1.- O orzamento máximo de licitación é de **199.000** euros anuais IVE incluído, e será satisfeito con cargo ao concepto do orzamento de gastos 61100 22706.

a.- Establécese un prezo unitario por cada unha das unidades urbanas tramitadas por 902 e 902S, xa se trate de predios sobre os que se consiga a declaración do contribuínte en documento 902 e 902S, presentada por este na oficina da empresa, por requirimentos efectuados ou por traslado do Concello, segundo o seguinte detalle:

- 15% da cota tributaria liquidada en concepto de demoras por unidade urbana ou da cota de incorporación ao padrón se non existise liquidación con efecto retroactivo; cun mínimo de 30,05 euros. Para estes efectos, non se considera como liquidación de demoras a correspondente ao exercicio en que se liquida.

b.- Naqueles expedientes de recursos interpostos ou detectados de oficio, por erros non imputables aos traballos desenvolvidos no ámbito deste contrato, e sobre os cales o Concello de Santiago de Compostela solicite á empresa de maneira expresa a súa tramitación:

- 12,02 euros pola resolución de cada expediente, con independencia das unidades urbanas as que afecte. Entenderase resolto unha vez que a Xerencia territorial da Coruña provincia traslade ao concello a/s resolución/s correspondente/s para a súa oportuna notificación.

c.- Naqueles expedientes de corrección dos datos relativos ao domicilio tributario para a súa adecuación ao rueiro e numeración municipais, e sobre os cales o Concello de Santiago de Compostela solicite á empresa de maneira expresa a súa tramitación:

3,48 euros por cada parcela catastral correxida. Entenderase correxida unha vez que a Xerencia territorial da Coruña provincia incorpore a súa base de datos a corrección.

2.- A todos os efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenderán non so o prezo do contrato, senón tamén, como partida independente, o importe do IVE.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

## SECCIÓN 2ª. VALORACIÓN

### Cláusula 26. FORMA DE VALORACIÓN

As valoración dos traballos efectuaranse aplicando ou ben a porcentaxe fixada na oferta do adxudicatario para o suposto a) da cláusula anterior, ou o prezo fixado na oferta do adxudicatario para de cada unha das unidades base do traballo ao número de unidades executadas para os supostos b), e c) da cláusula anterior.

### Cláusula 27. RELACIÓNS VALORADAS

O director, á vista dos traballos realmente executados e dos prezos contratados, redactará as correspondentes valoracións bimensuais. As valoracións efectuaranse sempre á orixe, concretándose os traballos realizados no período de tempo de que se trate.

### Cláusula 28. CONFORMIDADE DO CONTRATISTA

O director remitirá ao delegado do contratista unha copia de cada relación valorada, para os efectos de que dea a súa conformidade ou expoña reparos, que poderá formular no prazo de quince días, contados a partir do de recepción dos expresados documentos.

De non o facer, transcorrido este prazo, estes documentos consideraranse aceptados polo contratista, como se subscribise neles a súa conformidade.

## SECCIÓN 3ª. ABOAMENTOS AO CONTRATISTA

### Cláusula 29. REQUISITOS PARA O ABOAMENTO

O contratista ten dereito ao aboamento a boa conta, de acordo cos prezos acordados, dos traballos que realmente execute con suxeición ao contrato formalizado, ás súas modificacións aprobadas e ás ordes dadas por escrito pola Administración, atendendo ás instrucións que a este respecto dicte o Concello de Santiago

### Cláusula 30. CERTIFICACIÓNS

As certificacións para o aboamento dos traballos, efectuadas co carácter que lles atribúe o artigo 99 do TRLCAP, expediranse tomando como base a relación valorada e serán tramitadas polo director nos seguintes dez días a partir da recepción do ficheiro "DOC" (ou aquel que o substitúa) no que se recollen os acordos catastrais a que deron lugar os traballos realizados polo contratista.

O contratista disporá de dez días para manifestar expresamente a súa conformidade ou reparos. Transcorrido o prazo sen manifestación expresa entenderase que está conforme. A partir deste momento o contratista poderá expedir a correspondente factura.

## CAPÍTULO IV. EXTINCIÓN DO CONTRATO

### SECCIÓN 1ª. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

### Cláusula 31. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do contrato, ademais das previstas no artigo 111 do TRLCAP, a falta de sxiilo respecto aos documentos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo, agás que o órgano de contratación atendendo a natureza e circunstancias do contrato non o estime aconsellable, así como o incumprimento das obrigas sobre incompatibilidades segundo a redacción da cláusula 7.

Estas causas de resolución consideraranse para todos os efectos como incumprimento do contrato por culpa do contratista.

Tamén son causas de resolución, as previstas no artigo 214 do TRLCAP, que producen os efectos previstos na cláusula 33 deste prego.

Para a resolución dos contratos, darase cumprimento aos requisitos establecidos no artigo 109 do RXLCAP.

### Cláusula 32. DETERMINACIÓN DE DANOS E PERDAS Á ADMINISTRACIÓN

En caso de resolución do contrato por causas imputables ao contratista, que suporá a incautación da garantía prestada, a fixación e valoración dos danos e perdas causados serán verificadas polo director e resolverá motivadamente o órgano de contratación, logo de dar audiencia ao contratista, tendo en conta que as penalizacións por incumprimento son independentes e acumulables aos citados danos e perdas.

### Cláusula 33. DEREITOS DO CONTRATISTA NOS SUPPOSTOS DE RESOLUCIÓN

Nos supostos de resolución, o contratista terá dereito a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizase ao abeiro do contrato e que fosen recibidos pola Administración.

Ademais, no suposto do artigo 214 b) do TRLCAP, o contratista terá dereito ao 10 por cento do prezo dos estudos, informes, proxectos ou traballos pendentes de realizar en concepto de beneficio deixado de obter.

No caso previsto no artigo 214 a) do TRLCAP, o contratista terá dereito a percibir unha indemnización do 5 por cento do prezo do contrato.

### Cláusula 34. FALECIMENTO DO CONTRATISTA INDIVIDUAL

En caso de falecemento do contratista individual, o seu delegado ou os que puidesen considerarse os seus herdeiros deberán comunicar tal defunción á Administración inmediatamente despois de coñecer o feito. Toda demora inustificada, negligente ou doloso en realizar tal comunicación que cause danos ou perdas á Administración ou ao ben público, dará lugar á correspondente indemnización, así como tamén á perda do dereito a ofrecer a continuación do contrato.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

Tanto no dito suposto como se a Administración coñece o óbito sen mediar aquela comunicación, citará persoalmente a quen acreditase ante ela a súa condición de herdeiro, ou por edictos noutro caso, co fin de que no prazo que se sinale, non inferior a tres meses desde a citación, poidan exercer os herdeiros o seu dereito a ofrecer a continuación da execución do estudo ou prestación do servizo, sen variar as condicións estipuladas no contrato.

A aceptación da Administración, prevista no artigo 112.3 do TRLCAP, só poderá producirse se a xuízo desta os herdeiros lle ofrecen as mesmas garantías técnicas e de toda orde que o contratista falecido.

En caso en que a Administración desbotase o ofrecemento dos herdeiros do contratista falecido, non haberá lugar a indemnización ningunha polo resto dos traballos non executados.

### **Cláusula 35. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO REFERIDAS AO CASO DE UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS**

Cando algunha das empresas que forman parte dunha unión temporal quede comprendida nalgunha das circunstancias prevista no apartado a) do artigo 111 do TRLCAP, a Administración estará facultada para esixir o estricto cumprimento das obrigas pendentes do contrato ás restantes empresas que formen a unión temporal ou para acordar a súa resolución. A declaración de quebra, de suspensión de pagos, de concurso de acredores ou de insolvente falido en calquera procedemento previsto no apartado b) do dito artigo, orixinará sempre a resolución do contrato. En ningún caso haberá lugar a indemnización por beneficio deixado de obter.

### **SECCIÓN 2ª. CONCLUSIÓN DO CONTRATO**

#### **Cláusula 36. ENTREGA TOTAL DOS TRABALLOS**

O contratista deberá entregar a totalidade dos traballos dentro do prazo contractual, cunha periodicidade bimensual, a contar desde a data de inicio do contrato.

A dita entrega realizarase na sección de bens inmobles do Servizo de xestión, recadación e inspección do Concello de Santiago, expedindo o funcionario que se faga cargo dos traballos o recibo correspondente.

O director realizará un primeiro exame da documentación presentada. Se non observase desconformidade coas prescricións técnicas do contrato, procederá seguidamente ao exame e comprobación detallados do traballo a que se refire a cláusula 38 deste prego.

En caso de que considerase incumpridas as prescricións técnicas do contrato, ordenará por escrito ao contratista corrixir ou completar as partes do traballo que considere necesario, facendo constar no dito escrito o prazo que para iso fixe e as observacións que xulgue oportunas e dará conta ao órgano de contratación, se é o caso, do incumprimento do prazo para os efectos procedentes.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

Se existise reclamación por parte do contratista, respecto ás observacións formuladas polo director, este elevaraa, co seu informe, ao órgano da Administración que celebrou o contrato, que resolverá sobre o particular nun prazo de quince días.

Se o contratista non reclamase por escrito dentro dun prazo de dez días, contados a partir da recepción do escrito do director, entenderase que está de acordo.

A nova entrega terá lugar, en igual forma que a indicada anteriormente, dentro do prazo fixado polo director.

### **Cláusula 37. INFORME DO DIRECTOR SOBRE OS TRABALLOS E ENTREGAS**

O director procederá ao exame e comprobación detallados do traballo para determinar se foi realizado de acordo co contrato, tanto se observase desconformidade coas súas prescricións técnicas despois do primeiro exame daqueles a que se refire a cláusula 36 deste prego, como se, en caso contrario, as súas instrucións fosen cumpridas.

Para realizar estas operacións o director poderá recabar do contratista a asistencia que considere necesaria.

Se, como consecuencia do exame e comprobación detallada do estudio ou servizo, o director o atopa conforme, emitirá o seu informe favorable con proposta de aceptación ao órgano competente da Administración municipal.

Cando os traballos non estean conformes, o director dará, por escrito, ao contratista, as instrucións que considere necesarias co obxecto de remediar á súa custa as faltas ou defectos observados, fixéndolle o prazo para facelo, compatible co prazo total do contrato, expirado o cal e realizada nova entrega, procederá, en igual forma, a un novo exame e comprobación detallados.

Se, transcorrido o dito prazo, o contratista non cumprise, e sempre que non lle quede tempo dispoñible do prazo do contrato, resolverase con perda da fianza por non acabar os traballos dentro do prazo estipulado, a non ser que a Administración crea oportuno concederlle un novo prazo, que será improrrogable.

Se existe reclamación por parte do contratista a respecto das observacións e instrucións formuladas polo director, este elevaraa, co seu informe, ao órgano da Administración que celebrou o contrato.

Se o contratista non reclamase, por escrito, dentro do prazo de dez días, contados a partir da recepción do escrito do director, entenderase que está conforme.

### **Cláusula 38. RECEPCIÓN DOS TRABALLOS**

Unha vez realizada a entrega de todos os traballos na forma indicada na cláusula 36 deste prego, o director, despois do seu exame e comprobación, e unha vez recibidos os acordos catastrais correspondentes a esa entrega, formulará o seu informe do xeito previsto na cláusula 37.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

Se o dito informe é favorable, procederase á recepción dentro do mes seguinte de se ter producido a entrega dos traballos, á que concorrerán o director, o funcionario que ostente a representación do órgano que celebrou o contrato, o contratista ou o seu representante autorizado e, se é o caso, o representante da Intervención .

Se se considera que o traballo reúne as condicións debidas darase por recibido, redactando para este efecto a acta correspondente.

Se os traballos non reunisen as condicións necesarias para proceder á súa recepción, dictaranse, por escrito, ao contratista as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigas no prazo que para iso se fixe, que será sen sanción, non procedendo a recepción dos traballos ata que as ditas instrucións sexan cumpridas, caso no que se redactará a acta correspondente. O seu incumprimento sen motivo xustifico será causa de rescisión, con perda da fianza.

Transcorrido o prazo de garantía dun ano sen que houbera obxeccións por parte do órgano de contratación, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

#### **Cláusula 39. PAGAMENTO DO PREZO**

O pagamento ao contratista dos traballos realizados procederá, una vez realizada a acta de recepción, e sempre que se recibiran os acordos catastrais correspondentes a cada entrega. Non procederá o abono de cantidade algunha polos traballos realizados polo contratista para corrixir erros nos traballos previos realizados polo contratista.

#### **SECCIÓN 3ª. GARANTÍAS**

##### **Cláusula 40. NORMA XERAL**

As garantías de todo contrato regularanse polo establecido no capítulo III, título II do libro I do TRLCAP e polo capítulo III, título II do libro I do RXLCAP.

##### **Cláusula 41. GARANTÍAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS**

Os concursantes estarán obrigados a constituír unha garantía provisional por importe de 3.980 euros.

O adxudicatario deberá acreditar no prazo de quince días naturais, contados desde que se lle notifique a adxudicación do contrato, a constituición da garantía definitiva polo importe do 4 por cento do orzamento base da adxudicación.

Cando como consecuencia da modificación do contrato experimente variación o prezo, reaxustarase a garantía no prazo sinalado no parágrafo anterior, a contar desde a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación, para que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

#### Cláusula 42. FORMA DE CONSTITUCIÓN

As garantías constituiranse en metálico, en valores públicos ou en valores privados avalados polo Estado, por unha comunidade autónoma, pola Administración contratante ou por bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España; mediante aval prestado por bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España; ou por contrato de seguro de caución celebrado con entidade aseguradora autorizada para operar en España no ramo de caución, segundo establecido no artigo 36 do TRLCAP.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONO1177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DE APLICACIÓN Á CONTRATACIÓN DOS  
TRABALLOS DE MODIFICACIÓN DO CATASTRO URBANO.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

## **ANEXO 1**

### **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DE APLICACIÓN Á CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE MODIFICACIÓN DO CATASTRO URBANO**

#### **PRESCRICIÓN 1. DESCRICIÓN DOS TRABALLOS.**

A execución dos documentos base que constitúen o obxecto do contrato comprende os seguintes traballos:

1. Determinar a referencia catastral de cada unidade ou parcela catastral segundo a prescrición 2 "Referencia catastral".
2. Confeccionar os planos dixitais, a escala e acotados, necesarios para a completa identificación, esbozo de situación e fotografía de cada unidade catastral, segundo a prescrición 3 "Datos gráficos de cada parcela, folia CU-1". O CU-1 deberá ser dixital e facilitarase no ficheiro de intercambio que determine a dirección dos traballos
3. Obter os datos e calcular as superficies do solo e da construción, segundo a prescrición 4 "Cálculo de superficies". As superficies obtidas tanto de solo como de cada unha das distintas unidades construídas deberán coincidir exactamente coas que figuren na folia CU-1.
4. Actualización da cartografía catastral urbana a partir dos planos a escala e acotados dos predios, CU-1 especificados no punto 2 (prescrición 1.5)
5. Realización do ficheiro catastral físico, segundo a prescrición 5 "Ficheiro catastral físico".
6. Gravar a información necesaria en soporte magnético, segundo o formato de intercambio de datos de catastro urbano da prescrición 6 "Ficheiro catastral magnético", consonte o Real decreto 1020/1993, do 25 de xuño.
7. Cubrir os datos necesarios para a valoración segundo a prescrición 7.
8. Depurar o ficheiro catastral e reflectir na planimetría 1:1000 a información apropiada, segundo a prescrición 8 "Depuración dos ficheiros".
9. Manter permanentemente o ficheiro catastral, segundo a prescrición 9 "Mantemento do ficheiro: conservación".
10. Relación de predios que causan baixa por nova construción con identificación de referencia catastral, situación do predio, número fixo, data da baixa e alta, e número do expediente de obra nova.

#### **PRESCRICIÓN 2. REFERENCIA CATASTRAL.**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

A identificación e control das parcelas que comporán o ficheiro catastral mediante referencia catastral, obteranse a partir da cartografía, de acordo coas condicións que se indican.

A referencia catastral de cada parcela constará de catorce caracteres, agrupados en dous bloques de sete caracteres cada un.

O primeiro bloque -sete primeiros caracteres- identificará o quinteiro (segundo coordenadas U.T.M.) e a parcela (por orde correlativa dentro do quinteiro).

O segundo bloque -sete segundos caracteres- identificará o plano a escala 1/1000, 1/500 ao 1/5000 no que se atope representado o quinteiro ou, se é o caso, a parcela, polas súas coordenadas U.T.M.

## 2.1 PRIMEIRO BLOQUE DA REFERENCIA CATASTRAL.

Identifica a parcela, de forma distinta segundo estea situada en núcleo urbano ou diseminado. Para formar o primeiro bloque, procederase da maneira seguinte:

a) Parcelas situadas no interior dun núcleo urbano:

- O dito bloque estará formado por catro grupos de caracteres. O primeiro constitúeno dúas cifras: o segundo outras dúas; o terceiro, unha soa e o cuarto outras dúas cifras, ou letra e cifra.
- Os tres primeiros grupos identifican o quinteiro: espacio rodeado por rúas, teña ou non edificación pechada e o cuarto identifica a parcela.
- Para identificar o quinteiro, determinarase o seu centro xeométrico aproximado.
- O dito centro estará situado dentro dun cadrado de 100 m X 100 m resultante de dividir cada cadrado de 1 Km X 1 Km da malla quilométrica U.T.M., en cadrados de 100 m de lado cada un. O vértice inferior esquerdo do dito cadrado terá unhas coordenadas X e Y (U.T.M.).
- Para formar o primeiro grupo tomaranse as dúas cifras de quilómetro e hectómetro en X do dito cadrado.
- Para formar o segundo grupo tomaranse as dúas cifras de quilómetro e hectómetro en Y do mesmo cadrado.
- Para formar o terceiro grupo dividirase cada lado do cadrado de 100 m X 100 m en tres partes, numerando os cadrados desta retícula auxiliar resultante do 1 ao 9. Comezase polo cadrado inferior esquerdo e continuarase no sentido das agullas do reloxo rodeando o cadrado central, ao que se lle asignará o último número, é dicir o 9. A cifra correspondente a este grupo será o número do cadrado auxiliar onde se atope o centro xeométrico do quinteiro.
- O cuarto grupo estará formado por dúas cifras que corresponderán á numeración secuencial da parcela dentro do quinteiro, entre 01 e 99. En caso de que o número de parcelas exceda de 99, continuarase a asignación secuencial de A0 a Z9.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONO1177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

b) Parcelas situadas en diseminado:

Neste caso, as sete posicións do campo formaranas tres grupos:

O primeiro grupo constará de dúas posicións, que serán dous ceros.

O segundo grupo constará de dúas cifras, correspondentes á numeración do 1 ao 25, segundo o criterio de orde de esquerda a dereita e de arriba a abaixo, do rectángulo resultante da división da folla 1:5000, onde se sitúe o centroide da parcela.

O terceiro grupo constará de tres cifras que se obterán numerando secuencialmente as parcelas dentro da división indicada anteriormente, onde se atope o seu centroide.

## 2.2 SEGUNDO BLOQUE DA REFERENCIA CATASTRAL:

Identifica a folla de cartografía en que se atopa o centroide do quinteiro no que está situada a parcela considerada, que no caso de diseminado será o centroide de parcela. Para formar este segundo bloque, procederase da maneira seguinte:

a) Parcelas situadas no interior dun núcleo urbano:

- Estará formado por catro grupos de posicións:

O primeiro grupo constituirano dúas letras maiúsculas que identificarán o cadrado de 100 km.de lado, da cuadrícula U.T.M.

O segundo grupo formarano dúas cifras que identificarán o cadrado de 10 km.de lado, resultante de dividir os lados do cadrado de 100 km en dez partes iguais cada un. Cada cadrado resultante denominarase polo número de orde das divisións en abscisa e ordenada, nesta prelación, que teña o vértice inferior esquerdo do dito cadrado resultante.

O terceiro grupo formarano dúas cifras que identificarán o cadrado de 1 km, que resulte ao dividir a abscisa e a ordenada do anterior cadrado de 10 km en dez partes iguais cada unha. Cada cadrado denominarase de forma idéntica á indicada para o cadrado de 10 km.

O cuarto grupo formarao unha soa letra. Será un "N" ou un "S", segundo se trate da metade norte ou da metade sur do cadrado de 1 km, que a escala 1/1000 se corresponde coa dimensión de 1 m X 0,50 m que ten o plano normalizado.

- Cando se empregue cartografía a escala 1/500 o proceso será o mesmo, agás no que respecta ao cuarto grupo, formado en tal caso por unha soa letra, que será unha das seguintes maiúsculas: A, B, C, D, E, F, G ou H, segundo a localización do rectángulo representado no plano de escala 1/500 dentro do cadrado de 1 km de lado.

b) Parcelas situadas en diseminado:



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

- Cubriranse as sete posicións, que fagan referencia ao plano 1/5000 no que se atope localizada a parcela, organizadas en catro grupos:


O primeiro grupo constará de dúas posicións, que serán sempre dous ceros.

O segundo grupo constará tamén de dúas posicións que corresponderán ás dúas letras maiúsculas que denominen o cadrado de 100 km do que proceda o plano 1/5000.

O terceiro grupo, constará de outras dúas posicións, que corresponderán ás dúas cifras que designen o cadrado de 10 km.

O cuarto grupo constará dunha soa posición, correspondente á letra maiúscula que denomine o rectángulo a escala 1/5000 dos resultantes de dividir o cadrado de 10 km en 8 rectángulos, onde se sitúe a parcela.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONO1177	Expediente CON/184/2004	Fecha 03-11-04 11:26




**EJEMPLO DE OBTENCION DE REFERENCIA CATASTRAL EN DISEMINADO.-**

**EJEMPLO DE OBTENCION DE REFERENCIA CATASTRAL EN NUCLEO URBANO .-**

Nº 2


**PLANO A ESCALA 1/500**

**REFERENCIA DE PLANO**



**REFERENCIA DE PARCELA**

**PLANO ESCALA 1/500**



**REFERENCIA CATASTRAL**

5	8	7	6	9	1	0	W	J	8	3	5	7	F
---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---

1º Grupo    2º Grupo    3º Grupo    4º Grupo    1º Grupo    2º Grupo    3º Grupo    4º Grupo

REFERENCIA DE PARCELA

REFERENCIA DE PLANO A ESCALA 1/500

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

A información gráfica de cada parcela a situar na folia CU-1 da ficha técnica codificada anexa, realizarase de acordo coas seguintes prescricións:

### 3.1 PLANOS A ESCALA E ACOUTADOS (CU-1):

Os planos a escala e acoutados, da planta xeral do inmovible, cun perímetro que se corresponderá co que figure no plano parcelario respectivo, e das distintas plantas do inmovible en que se altere de xeito esencial o uso ou as características constructivas e distribución. Utilizaranse rangos de escala 1/100 - 1/1000 (múltiplos de 100), que se indicarán. En caso de que non se puidese representar a escala adecuada, polo seu excesivo tamaño, debuxarase en folia á parte normalizada que se adherirá, convenientemente pregada, á folia CU-1.

O debuxo comprenderá os seguintes datos:

- Aliñacións exteriores, grafadas con liña continua de 0,4 milímetros.
- Proxección horizontal dos volumes saíntes construídos, debuxados mediante unha liña continua de 0,1 mm.
- Contorno esquemático dos locais que comprenda cada planta.
- Referencia do número o enderezo postal de cada parcela, cando exista. Indicarase con números de cinco milímetros situados xunto á liña de fachada, no exterior do inmovible e xunto ao acceso ou accesos ao predio, tal e como figura no modelo anexo.
- Indicación dos accesos ao predio, mediante unha frecha de cinco milímetros de lonxitude, perpendicular á aliñación correspondente.
- Rotulación das vías públicas, que se realizará con letra vertical de cinco milímetros, concatenada co número de enderezo postal, tal e como figura no modelo xunto.
- Lonxitude de fachadas e número de plantas ou altura de edificacións, segundo as normas UNE.
- Referencia dos xardíns e hortas particulares.
- Cotas das dimensións necesarias para obter a superficie total do solo do predio e de todas e cada unha das distintas plantas construídas, que serán tan numerosas como sexa necesario para comprobar rapidamente a exactitude dos datos reflectidos no solo e construír a ficha técnica, sen que sexa preciso efectuar sumas ou restas parciais entre as cotas sinaladas para obter outras que interveñan como factores de comprobación. Rotularanse con números de dous milímetros e liñas continuas de 0,12 a 0,16 milímetros, sinalando os extremos das cotas mediante trazos.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

- Cando nunha planta se alteren de xeito esencial o uso ou as características dunha ou de varias das súas partes, acoutaranse igualmente as dimensións necesarias para obter cada superficie parcial, repetindo o debuxo da planta correspondente. Así mesmo, se fose necesario a xuízo do director técnico dos traballos, debuxaranse as seccións do edificio que se consideren convenientes para que quede perfectamente definido.
- As medicións corresponderán exactamente ás dimensións acoutadas.
  - As cotas expresaranse en metros con aproximacións a centímetros.

O documento CU-1 deberá ser dixital, entregándose en ficheiro de intercambio, co formato FXCU1, de acordo cos criterios da Subdirección Xeral de Estudos e Sistemas de Información.

### 3.2 - ESBOZO DE SITUACIÓN:


Realizarse o esbozo de situación da parcela á escala apropiada, de xeito que permita situala nos planos catastrais. Poderá prescindirse do esbozo de situación cando poida localizarse adecuadamente a parcela coa súa referencia catastral dentro do plano parcelario. A confección do esbozo de situación axustarase ás normas que lle sexan aplicables, expostas para o esbozo do predio.

### 3.3. FOTOGRAFÍA:

Achegarase unha fotografía en cor mate, de tamaño dez por quince centímetros, que se fixará no lugar reservado da ficha técnica.

A fotografía, considerada como dato técnico gráfico, debe reflectir os deste carácter consignados na ficha técnica; por iso, o seu punto de toma será o mais apropiado a este fin, que normalmente pode ser aquel desde o que se vexa a súa fachada; e mesmo naqueles casos en que as construcións presenten gran complexidade, o correcto será efectuar varias fotografías. Cando se trate de soares, o punto de toma será o que permita a súa identificación e acuse as súas características intrínsecas.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
Documento CONO1177	Expediente CON/184/2004	Fecha 03-11-04 11:26




Ced. 460	REFERENCIA VALENCIA-CAPITAL	Ced. 900	MUNICIPIO VALENCIA	Código 01183	VIA PUBLICA	CL	LOS LEONES	Código 0010	FD	Parcela Catastral 8219214	YJ2782A	HIT. 1, 6
Código 01183	DR	Código 01183	NOMBRE VIA PUBLICA CL LOS LEONES Ø	Código 01183	NOMBRE VIA PUBLICA CL LOS LEONES Ø	Código 01183	CL LOS LEONES Ø	Código 23288	NOMBRE VIA PUBLICA AV DEL PUERTO 119			

CROQUIS ACOTADO ESCALA 1: 300 FECHA: 26/09/97 532 m<sup>2</sup>

SUPERFICIE CONSTRUIDA

Bejo rasante:	519 m <sup>2</sup>
Sobre rasante:	2401 m <sup>2</sup>
<b>Total:</b>	<b>2920 m<sup>2</sup></b>



CL LOS LEONES N.10 Y 12

↑ CL LOS LEONES 0010

FOTOGRAFIA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONO1177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

#### **PRESCRICIÓN 4. CÁLCULO DE SUPERFICIES**

Procederáse ao cálculo da superficie de cada soar, así como das subparcelas en que proceda descompo, se se vai proceder á súa valoración por valor unitario de rúa, ou ben das subparcelas de construción teórica ou susceptible de se edificar de cada uso permitido, se se vai proceder ao seu cálculo por repercusión.

Calcularáse a superficie construída por planta, a de cada un dos locais que compoñen cada planta, diferenciando, se é o caso, a superficie individual da común, estean na mesma ou en distinta planta, así como as terrazas descubertas, soportais e solos utilizados polos usuarios ou copropietarios de cada local.

#### **PRESCRICIÓN 5. FICHEIRO CATASTRAL FÍSICO**

A información obtida reflectirase nos documentos CU-1, que xunto coa carpeta catastral correspondente a eles e as fichas utilizadas para a toma de datos de campo, será entregada pola empresa adxudicataria.

Do documento CU-1 entregarase dous exemplares.

O expediente catastral cos datos físicos, técnicos e xurídicos, completaráse coas follas de valoración correspondentes.

Nos pregos específicos poderán determinarse os expedientes pendentes de resolución, para os efectos de que a empresa adxudicataria proceda á completa actualización do ficheiro.

#### **PRESCRICIÓN 6. FICHEIRO CATASTRAL MAGNÉTICO**

Os ficheiros de intercambio de información terán o formato indicado na Norma técnica sobre o intercambio de datos do catastro urbano a través do ficheiro FINURB. Deberán terse en conta as indicacións que, de ser o caso, faga a Subdirección Xeral de Estudos e Sistemas de Información.

Os ficheiros reunirán as seguintes características:

- Rexistros de lonxitude fixa de 720 posicións.
- Factor de bloqueo de dez rexistros por bloque.
- Densidade de gravación de 1.600 ou 6.250 b.p.i.
- Código de gravación ASCII.

Todas estas características deben aparecer nas etiquetas externas así como o nome do ficheiro, a data a que corresponde esa información, xerencia, municipios aos que corresponde e nome da empresa que realizou o traballo.

#### **PRESCRICIÓN 7. CONSIGNACIÓN DOS DATOS NECESARIOS PARA A VALORACIÓN.**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

Os datos físicos e xurídicos deberán completarse coa asignación dos correspondentes tramos de rúa, coeficientes correctores de aplicación, ao abeiro da normativa vixente, asignación de forma de cálculo a aplicar a cada unidade catastral, etc., para obter un ficheiro magnético que permita proceder á correcta valoración automatizada.

### **PRESCRICIÓN 8. DEPURACIÓN DOS FICHEIROS**

A información en soporte magnético entregada á Xerencia validarase nela co fin de detectar os erros ou omisións que se producen no proceso, xerando uns listados de erros que serán depurados polo contratista mediante traballos de campo ou gabinete.

Para o control técnico do traballo efectuaranse entregas parciais, nas fases que determine o director técnico, acompañadas dos esbozo acoutados de cada predio con todas as plantas e as fotografías necesarias para definilos completamente.

A entrega da documentación anterior farase por quinteiros ou polígonos completos, segundo o estableza a dirección técnica e deberá acompañarse da cartografía correspondente, 1:1000 ou 1:500, segundo o caso, na que conste a información apropiada.

Serán obxecto de recusación aqueles traballos que teñan erros na medición de dimensións físicas de:

- Un 5 por 1000 (cinco por mil) en medicións lineais.
- Un 10 por 1000 (dez por mil) en medicións de superficie.

A falta de datos xurídicos sen xustificar dos suxeitos pasivos no referente a nomes e apelidos, DNI ou CIF e domicilio fiscal será motivo de recusación.

Se nun lote se observan erros físicos ou xurídicos nun 5 por cento das unidades urbanas do mesmo serán motivo de recusación do lote completo para a súa comprobación total a cargo da empresa.

### **PRESCRICIÓN 9. MANTEMENTO DO FICHEIRO: CONSERVACIÓN**

Desde o momento da recepción e ata a finalización do prazo de garantía, o contratista estará obrigado a resolver e emendar cantos defectos puidesen advertirse nos traballos, así como a atender e informar nos modelos que lle facilite o Concello de Santiago acerca de as reclamacións ou recursos interpostos polos titulares, que afecten aos traballos realizados.

Así mesmo, neste prazo, se non se considerou conveniente realizalo antes, elaboraranse os listados de ocultacións descubertas, ben por falta de declaración do suxeito pasivo ou por omisións nos padróns dos anos anteriores non prescritos, para que a Inspección actúe segundo proceda.

### **PRESCRICIÓN 10. CARACTERÍSTICAS ESPECIFICAS do CONTRATO**

#### **1. Control de alteracións catastrais declaradas 902 existentes.**

A partir do inicio dos traballos a empresa adjudicataria remitirá con carácter mensual, do 1 ao 5 de cada mes, unha relación nominal daquelas declaracións 902 con entrada no mes anterior.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

A dita relación nominal deberá ser confeccionada nunha base de datos Access, cunha estrutura consensuada co Concello, e será entregada en formato papel e soporte magnético, debendo conter os seguintes campos:

- ◆ **Número de expediente de Xerencia, de ser o caso.**
- ◆ **Tipo de expediente**
- ◆ **Data de entrada na Xerencia ou na oficina da empresa e número de rexistro**
- ◆ Referencia catastral (deberá indicarse a do predio ou predios sobre a que se produce a alteración catastral declarada. En caso de ser "diseminado" asignarase a referencia catastral provisional)
- ◆ Obxecto tributario (deberá indicarse o obxecto tributario do predio ou predios sobre os que se produce a alteración catastral declarada)
- ◆ Números fixos das unidades urbanas afectadas pola alteración catastral declarada, será o/os número/s fixo/s que figure/n no padrón ou no recibo do IBI achegado polo contribuínte na declaración 902.
- ◆ Número de unidades urbanas resultantes aproximadas como resultado do trámite da alteración.
- ◆ Tipo de alteración (indicarse se se trata dunha obra nova, segregación, agrupación, división horizontal dun local dentro dun predio, etc. En caso de que existan varias alteracións catastrais simultáneas, por exemplo segregación e obra nova, indicaranse ambas)
- ◆ Situación do expediente: pendente de inicio, reclasificado, entrado, despachado e pendente

Aquela casuística especial que a empresa considere relevante deberá ser comentada co xefe da sección de xestión de inmobles do Servizo de xestión, recadación e inspección.

## 2. Control do número de recursos existentes pendentes

A empresa adxudicataria remitirá na data de inicio dos traballos unha relación nominal de todos aqueles posibles recursos presentados antes da sinatura do contrato.

A dita relación nominal deberá ser confeccionada nunha base de datos Access e será entregada en formato papel e soporte magnético, debendo conter os seguintes campos:

- ◆ **Número de expediente de Xerencia, se é o caso.**
- ◆ **Data de entrada na Xerencia ou na oficina da empresa**
- ◆ Referencia catastral (deberá indicarse o predio ou a unidade urbana que se recorre)
- ◆ Obxecto tributario (deberá indicarse o obxecto tributario do predio ou unidade urbana que se recorre)



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

- ◆ Números fixos das unidades urbanas recorridas e/ou afectadas polo recurso.
- ◆ Tipo de recurso (indicarase se se trata dun recurso que afecte unicamente á titularidade da unidade urbana ou se se trata doutro tipo de recurso sobre valor, superficie, obxecto tributario, etc.)

### 3. Tratamento de 902

Para o trámite dos 902 estarase ao disposto neste prego de prescricións técnicas, de acordo co establecido na cláusula duodécima do convenio asinado ca Dirección Xeral do Catastro

### 4. Tratamento das omisións.

A empresa priorizará nos seus traballos, se así llo require o Concello, a detección e tramitación daquelas omisións existentes en zonas concretas do municipio de Santiago de Compostela.

A empresa adjudicataria confeccionará unha relación na que consten os datos relativos á referencia catastral e situación dos predios omitidos que se detecten.

Actuacións a realizar. Métodos de localización de omisións:

1. Información facilitada polo Concello: licencias de obra, cédulas de habitabilidade, información puntual facilitada polos servizos técnicos do concello, outros...
2. Traballos de investigación en campo contrastando o plano parcelario coas relacións daquelas unidades urbanas que figuran xa dadas de alta no catastro, en zonas concretas que o Concello ou a mesma empresa adjudicataria propoña a este polo coñecemento que posúe do territorio.

As omisións detectadas deberán ser reconducidas a declaracións de alta 902, atendendo aos criterios de tramitación establecidos polo Concello (cubrir o impreso 902 coa sinatura do contribuínte, certificado de medición do predio en caso de inexistencia de proxecto ou disparidade de datos, documento acreditativo da fin da obra, toma de datos xurídicos, fotografía do edificio, cálculo de superficies, delineación do CU-1, inclusión na nova cartografía, gravación e emisión do ficheiro FINURB e confección dos exemplares de fichas catastrais). Así mesmo, de ser o caso, deberase achegar copia do xustificante de pagamento da taxa por inscrición catastral (modelo 750).

En definitiva, realizará as actuacións necesarias para que se produza a súa inclusión na base de datos catastral e a xeración, se é o caso, das correspondentes liquidacións.

Toda a documentación entregada polo Concello de Santiago de Compostela e aqueloutra que se posúa para a execución dos traballos, como expedientes 902 pendentes, recursos, requirimentos efectuados, que conste no seu poder, será devolta pola empresa adjudicataria cando finalicen.

### 5. Resolución de recursos

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

Todos aqueles recursos que se presenten ou se detecten de oficio nas oficinas da empresa contratada serán relacionados como se especifica no punto 2 anterior

O Concello de Santiago poderá solicitar á empresa contratada, cando o estime convinte, a resolución de determinados recursos que se interpoñan ou erros que se detecten de oficio, que non sexan imputables ao propio desenvolvemento dos traballos obxecto deste contrato

A empresa deberá elaborar un informe e, en seu caso, realizará todas as labores necesarias para que a Xerencia territorial poda incorporar a corrección a seu base de datos, tanto alfanumérica como gráfica

## 6. Depuración de domicilios tributarios.

Cando por decisión do Pleno municipal se altere a denominación das rúas, ou cando por calquera outra causa exista discordancia entre a base de datos catastral e a realidade respecto dos datos relativos aos domicilios tributarios, o Concello solicitará da empresa adxudicataria a depuración da base de datos existente coa corrección dos datos relativos ao domicilio tributario para a súa adecuación ao rueiro e numeración municipais, mediante emisión dunha cinta FIN.

## 7. Normas de obrigado cumprimento pola empresa.

A empresa adxudicataria será a encargada de conseguir a documentación necesaria para completar os expedientes, de acordo coas seguintes indicacións:

1. Sempre se realizará a comprobación de campo dos datos declarados no modelo 902.

Unha vez realizadas as medicións e comprobacións de campo, que son de obrigado cumprimento, pódense dar dúas situacións:

- A) Se os datos reflectidos no proxecto e na escritura coincidan coa comprobación de campo, recollerase tal circunstancia no expediente.
- B) Tanto se existen diferencias entre o proxecto, a escritura e a comprobación real de campo, como se non existe o proxecto do predio, o 902 cubrirase cos datos obtidos da medición, acompañando sempre un certificado de medición asinado polo técnico responsable do traballo de campo; de igual forma, o CU-1 reflectirá esas superficies.

Cando non se poidan medir os predios, sinalarase esta circunstancia na carpeta do expediente. Sen embargo, sempre que sexa posible, deixarase o correspondente aviso.

En todo caso, a toma de datos de campo realizarase cubrindo o modelo de carpeta de campo que facilitará o Concello, realizando os esbozos e medicións necesarios e recolléndoo nela.

Realizaranse fotografías de todos aqueles elementos anexos que non sexan visibles desde a fotografía da fachada e que non consten nos datos declarados no proxecto ou escritura polo contribuínte ou que, de constaren, presenten diferencias importantes.

2. En todas aquelas omisións que sexan transformadas mediante o modelo 902, teranse moi en conta que a taxa é un requisito máis, polo tanto, xunto ao 902 deberá incluírse o ingreso

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

correspondente a todas as unidades urbanas mediante o modelo 750. Nos casos en que non se pague a taxa por parte dalgún ou dalgúns contribuíntes farase constar mediante dilixencia

Nos casos en que o contribuínte estea ausente, deixaráselle un aviso para que achegue a documentación necesaria, xunto co 902, igual que a correspondente taxa.

3. Todas as altas deberán incluír necesariamente a escritura de propiedade, unha nota simple ou un certificado do Concello, onde se acredite a titularidade.

Non se admitirá ningún expediente no que conste como titular " sr. propietario", "descoñecido", etc.

Cando, esgotadas todas as vías posibles, sexa imposible a identificación do titular do inmovible, consultarase co xefe da sección de bens inmovibles do Servicio de xestión, recadación e inspección do Concello de Santiago de Compostela.

4. Os identificadores fiscais (NIF, NIE, CIF) dos suxeitos pasivos son datos imprescindibles. Se non se poden localizar, a empresa realizará un pedimento ao técnico correspondente para que poidan ser consultados na base de datos do Concello de Santiago de Compostela.
5. Calquera alta con calquera tipo de incidencia que a empresa considere necesario destacar, antes da finalización do expediente, será consultada co xefe da sección de bens inmovibles do Servicio de xestión, recadación e inspección do Concello de Santiago de Compostela.
6. Cada un dos expedientes deberá incorporar unha carpeta por cada unha das altas que será facilitada polo Concello, perfectamente cuberta e na que se farán constar todas as incidencias do predio.
7. Todos os expedientes deberán levar a documentación arquivada na carpeta segundo a seguinte orde:
  - Dúas carpetas catastrais contendo CU-1 con certificación, medición e fotografía.
  - Fotocopia do parcelario da situación anterior co predio delimitado.
  - Folla de valoración provisional emitida pola empresa,
  - Modelo 902 e taxa.
  - Escrituras ou notas de rexistro (ou documento substitutivo) ordenadas pola data de alteración con certificado final de obra (ou documento substitutivo) grampado na escritura de obra nova.
  - Planos de proxecto ordenados.
  - Documentación complementaria (requirimentos, dilixencias, informes, traballos de campo....).
  - Carpeta/s catastral/é antiga/s.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

8. Aqueles expedientes que puidesen orixinar algunha modificación no predio ou nos predios lindantes, tamén deberán ser tratados co fin de os corrixir na base de datos da Xerencia Territorial do Catastro. Neste caso, estarase ao que indique en cada expediente o xefe da sección de bens inmobles do Servicio de xestión, recadación e inspección do Concello de Santiago de Compostela
9. Naquelas alteracións catastrais onde, como consecuencia das altas, se teña que liquidar anos anteriores á revisión, a empresa entregará as follas de valoración calculadas co relatorio anterior de todas aqueles predios que teñan efectos retroactivos, unha vez emitida pola Xerencia Territorial da Coruña Provincia.
10. A entrega definitiva do traballo por parte da empresa realizarase facilitando ao Concello un ficheiro para a posterior xeración de liquidacións pola súa parte e unha relación de predios dados de alta con indicación dos que han ser baixa (relacionadas), efectos catastrais, identificación territorial segundo o modelo que facilitará o Concello de Santiago de Compostela.
11. Non se considerará finalizado o traballo dunha entrega ata que non estea reflectido na cartografía dixitalizada e a Xerencia Territorial remita ao Concello os correspondentes acordos catastrais para a comprobación das liquidacións propostas pola empresa adxudicataria. Nese momento, o Concello realizará a liquidación definitiva da entrega á empresa.
12. A empresa deberá informar ao Concello do volume de incidencias e recursos presentados polos contribuíntes con relación ás alteracións catastrais tramitados por ela. En caso de que se produzan erros como consecuencia dos traballos e o contribuínte presente un recurso ou se detecte de oficio, a empresa resolverá as ditas incidencias á súa custa.

O material entregado propiedade do Concello de Santiago de Compostela será retirado en caso de detectar un uso indebido del ou da información que conteña, e sempre que as circunstancias así o aconsellen.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONOI177	<i>Expediente</i> CON/184/2004	<i>Fecha</i> 03-11-04 11:26

## ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D./D<sup>a</sup>..... maior de idade,  
veciño de .....  
con enderezo en .....  
Documento Nacional de Identidade número .....  
en nome propio ou en representación de .....  
manifesta o seguinte:

a). - Como concursante e como adxudicatario se o fose, mostra a súa conformidade e acepta integramente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares deste Concurso e cantas obrigas deste se deriven.

b).- Comprométese á prestación do servicio técnico ofertado ó prezo que se detalla, (poñer en letras e cifras):

- 1.- por cento da cuota tributaria liquidada en concepto de demoras por unidade urbana ou da cota de incorporación ao padrón se non existise liquidación con efecto retroactivo.
- 2.- euros en concepto de mínimo.
- 3.- euros pola resolución de cada expediente.
- 4.- euros por cada parcela catastral correxida.

En .....a.....de.....2004

O LICITADOR  
(Selo da Empresa)

Asdo.: (Nome e apelidos do apoderado.)